

Antonio Rey Soto e o cinema

JOSE M^a FOLGAR DE LA CALLE

Antonio Rey Soto naceu en Santa Cruz do Arrabaldo (Ourense), o 18 de febreiro de 1879, e morreu en Madrid o 20 de febreiro de 1966.

Iste traballo non é un lugar para analizar o papel de Soto nas letras galegas, cousa que, desde un punto de vista do emprego da lingua como ferramenta de identidade cultural, queda bastante clara para a opinión de Ricardo Carballo:

"Sacerdote, é, con Ramón del Valle-Inclán, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Xavier Bóveda, Goy de Silva, un dos máis destacados poetas modernistas galegos que escriben en castelán. A súa produción en galego é moi escasa" (1).

Tampouco hai espacio neste traballo para enxuiciar a súa biografía persoal, e a súa biografía literaria. Tampouco é lugar para tratar das relacións que mantivo coa súa protectora, a marquesa da Atalaya Bermeja (2), inda que nos anos dos seus traballos cinematográficos, estas relacións tiveron unha crise.

Nas referencias cronolóxicas publicadas na prensa galega (3), recollemos unha que fai mención da actividade cinematográfica do académico na década dos 20:

(1) R. Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo 1975, 2 ed., p. 606. Carballo nomea, logo, algunha das súas poesías en galego, e máis a tradución ó galego dunha sátira de Horacio. Máis recentemente (R. Carvalho, *Letras galegas*, Associação galega da lingua, A Coruña 1984, p. 69, engade ós escritores indicados outros, ós que encerra neste xuício: "mais a lingua destes poetas era a mesma de Rubén Darío, aínda que algúns deles empregáron o galego nalgunha ocasión", se ben precisa, despois, que "Rei Soto, se calhar máis especificamente modernista, foi tamen máis esporadicamente galego", p. 212. Unha consideración específica sobre a súa adscripción á cultura galega en L. Vázquez, "En torno a Rey Soto como "poeta galego", *Estudios*, 128(1980),87-98.

(2) "... la marquesa podía ser -y dicen que fue- fuente de inspiración para el poeta. Y este pudo consumirse, y se consumió, en fuego interior, dominando o tratando de dominar sus pasiones. Ellas fueron las que lo derramaron en versos, muchas veces autobiográficos", Oriol de Montsant, "Elegía desde América por un recio poeta español", en *La vanguardia*, 24.3.1966.

(3) V., por exemplo, *El correo gallego*, *Diario de Pontevedra*, *La región*, do día 22 de febreiro de 1966, que reproduciron un texto do "redactor de Cifra, M. Fraga de Lis", coa noticia da morte de Soto. Naqueles anos os xornais non eran diarios, e os luns só se publicaban "La hoja del lunes" e os vespertinos. O 20 de febreiro fora domingo.

Grial 12 (1966), número da revista dos meses de abril-xunio non fai referencia á morte de Rey Soto. Pola contra, nas "notas", aparece unha necrolóxica de F.O'Connor, morto en Dublin, e unhas liñas para o "cincuentenario do pasamento de Jose Verissimo".

En 1920, Rey Soto entrou na Academia galega, xunto con R. Cabanillas, nunha sesión celebrada en Mondariz. *A nosa terra* adicou varias páxinas a reproducir-lo discurso do de Cambados, e do de Soto nin siquera deu o seu título, cfr. o nº 129, 5.10.1920.

"...Rector de la Iglesia de la Cruz del Milagro de Santiago de los Caballeros de Guatemala, y director artístico de la productora cinematográfica Celta-Films (sic) enmarcan algunos de los hitos más notables de su activa y fecunda vida"(4).

"Ante el impacto de la civilización moderna, le preocupa la posición de la Poesía frente a la Ciencia, a la Técnica y a la Filosofía (...) Sólo encuentra en las ciencias históricas un método y pervivencia aparte y de utilidad siempre nueva. Y a esto -pienso yo- se debe que en Rey Soto alterna la labor creadora en las letras con la investigadora en el terreno histórico. *No tengo como característica su efímera y fugaz dedicación al cine*. Los aspectos crematísticos, que en la manifestación del séptimo arte adquieren tanto relieve, no encajan con el temperamento del poeta" (5).

1. REY SOTO E CELTA FILM

Rey Soto quedara "deslumbrado" polo cinema en Norteamérica, se damos por boas as verbas de J.M^a Delgado(6), se ben, cando menos, é sorprendente que Soto non fale siquera do fenómeno nas súas "meditaciones de Nueva York" e noutras crónicas para o xornal *El mundo*, da Habana, no ano 1922(7). De tódalas maneiras, froito desa admiración é, sen dúbida, o guión cinematográfico *El dolor del almirante*, escrito tamén no ano 1922, e que pon en relación a suposta orixe galega de Colón coas loitas dos irmandiños(8). Máis que guión cinematográfico é unha narración novelada, que contén algunhas indicacións para un "cuadro" do filme que se podería facer.

O día 5 de agosto de 1922, A. Rey Soto, A. Méndez Laserna e C. Reguenga firman, en Vigo, un contrato privado para o establecemento dunha empresa que se vai chamar CELTA FILM.

Unha copia do contrato está na Biblioteca do mosteiro de Poio que garda, a súa vez, a biblioteca, documentos e obxectos varios que foron de Antonio Rey Soto (9). Posto que a transcripción literal do documento está recollida neste traballo, vou salientar, somentes, dúas cousas:

(4) R. Fernández-Pousa, "Vida y obra de Antonio Rey Soto", en *Faro de Vigo*, 3.3.1965. O artigo apareceu tres anos despois, con lixeiras adaptacións orixinadas pola desaparición do escritor, en *El correo gallego*, 28.2.1968, co titular "El poeta Antonio Rey Soto". Por último, éste foi transcrito, literalmente, en R. Fernández-Pousa, *Hombres de Galicia*, Publicaciones españolas, Madrid, 1968, pp. 10-12, co título "Antonio Rey Soto, insigne poeta de Galicia". Os datos aportados por Pousa figuran tamén nas solapas dos tomos das *Obras completas de Rey Soto*, onde se di que forman parte da entrada Rey Soto de *Who's who in Spain*, edición de 1963.

(5) J. M^a Delgado, "Rey Soto. Su personalidad y su obra", *Estudios*, 58 (1962), p. 489. O sulinado é noso.

(6) *Ibid.*, p. 478.

(7) A. Rey Soto, *Obras completas IV. Período hispanoamericano. Obras en prosa*, ed. Estudios, Madrid 1966, pp. 68-104.

(8) *Ibid.*, pp. 46-68.

(9) Tiven coñecemento da documentación que agora comentamos no ano 1982, cando recollía materiais para un estudio cinematográfico sobre os primeiros pasos do cine en Galicia, na Biblioteca do mosteiro de Poio. Daquela, o bibliotecario, p. Sanlés, puxo nas miñas máns papeis de Rey Soto que tiñan algo que ver co cinema. Agora, o actual bibliotecario, frei Jerónimo López, completou a aportación anterior. A eles debo, pois, unha grande parte do "descubrimiento".

- a empresa vai adicarse, nun principio, a facer películas "sobre asuntos de Galicia y Asturias, precedidas de conferencias literarias", actividade que será o labor de Soto, segundo se especifica no apartado 3.

- o capital empregado, "setenta y cinco mil pesetas", ten como cobertura unha perda de ata o 50%, momento no que Méndez, que é o único capitalista, retirará a súa participación, suspendendo a empresa o seu funcionamento (ap. 11).

Nos anos 20, houbo unha relativa popularidade do cine español, no conxunto do cinema que se exhibía nas pantallas do reino de España. Zarzuelas e filmes de tema taurino proliferaron neses anos. O éxito dunha película como *La verbena de la Paloma*, ou doutra, relacionada con Galicia, *La casa de la Troya*, sinalaron un camiño (10), que seguiron produtoras de corta vida, fundamentalmente de Madrid, que puxeron

"en circulación una oferta filmica que, al margen de su heterogéneo valor, amplifica la capacidad de convocatoria del cinema español (...) Tales empresas se verán abocadas, en términos de amortización o beneficio, a un callejón sin salida" (11).

Galicia participou, mínimamente claro está, nesa eclosión productora, e a Celta Film foi un dos exemplos galegos na terceira década deste século.

A empresa tentou conseguir nome, e algúns cartos, coa exhibición dun documental, *Un viaje por Asturias y Galicia*, presentado cunha certa distribución comercial. Pero os tempos deses documentais eran pasados, posto que o público galego estaba afeito ós filmes de argumento, situación creada e consolidada na década anterior.

Por outra parte, *Un viaje por Asturias y Galicia*, foi un filme dependente, non autónomo, pois Soto quería mostrar, coas imaxes, máis ben demostrar con elas, o que ia expoñendo nas súas conferencias:

"Daré en las principales capitales conferencias sobre temas españoles, y como he de decir mucho y bueno de España, para que no tomen mis afirmaciones por una fanfarronería española o por fantasías de poeta, acompañaré con proyecciones cinematográficas lo que vaya diciendo" (12).

Queda claro o carácter auxiliar da cinta, do que se deduce a case nula rentabilidade monetaria. A explotación da película queda suxeita ós comentarios de viva voz na sala por parte do poeta, quérese dicir, suxeita á capacidade de convocatoria do orador (13).

(10) Cfr., J.A. Cabero, *Historia de la cinematografía española: once jornadas: 1896-1948*, Cinema, Madrid 1949, p. 223. F. Méndez-Leite, *Historia del cine español*, I, Rialp, Madrid 1965, p. 187.

(11) J. Pérez Perucha, "1896-1929", en A.M. Torres (coord.), *Cine español (1896-1988)*, Ministerio de Cultura, Madrid 1989, pp. 70 e 71.

(12) Declaracións de Soto recollidas en *La correspondencia de España*, 9.3.1923.

(13) L. Vázquez, "No centenario do seu nacemento. Antonio Rey Soto (1879-1979)", *Encrucillada* 15 (1979), p. 498. O director artístico da Celta Film cumpría, desa maneira, a parte que, na difusión do produto estaba sinalada no ap. 3 do contrato de creación da entidade.

1.1 As filmacións

O número de planos de *Un viaje por Asturias y Galicia*, está recollido no apéndice II deste traballo: 126 para a primeira xornada, ou película, "El paisaje"; 73, para "Las costumbres", e 70 para "El arte", terceira parte.

Un número tan grande de lugares e de persoas precisaba dunha mobilidade e dunha disponibilidad superior, para aqueles tempos, a de calquera outro filme de ficción, de tipo medio. A "rodaxe" empezou no outono de 1922, e chegou ata mediados de setembro do ano seguinte.

O catro de xaneiro de 1923, Celta Film ten un novo director xerente, Higinio Troncoso. Pasa a chamarse Editorial cinematográfica Celta Film. Reguenga e Rey Soto seguen coas súas funcións.

Debemos a minuciosidade de Rey Soto o testimonio dalguns dos gastos durante o traballo en Galicia. Esas notas son unha pequena aportación ós custos diarios dunha rodaxe dun documental en Galicia neses anos. Nas contas non están comprendidas as dietas do director artístico, nin o material cinematográfico empregado.

Se damos por boa a cifra de 42.000 pesetas para a rodaxe de *La verbena de la Paloma* (14), a cantidade posta por Laserna, un ano despois é, de certa importancia, sobre todo se pensamos que o diñeiro é para a rodaxe dun documental que, nun principio, non precisa da intervención de actores profesionais.

A prensa galega daba conta dos traballos, e asimesmo de proxeccións parciais do filme. En Mondariz, en setembro de 1923, o operador Alonso (15) e Soto filman imaxes do balneario, dos bañistas e dos seus propietarios (planos 29 a 32, da primeira película), que serían proxectados nun cinema da localidade, xunto con outros fragmentos do filme: "se exhibieron ante los invitados a la prueba, varios trozos de la grandiosa película" (16).

A indicación do xornal vigués mostra, ás claras, que a obra non estaba totalmente montada. A sesión de Mondariz, que contou co acompañamento oral de Rey Soto, fora precedida doutras exposicións, sendo unha das máis notables a de Madrid, nunha conferencia no Ateneo, que mereceu unha crónica de Francisco Camba para *La voz de Galicia*, na que facía unha loubanza das imaxes ofrecidas (17).

(14) F. Méndez-Leite, *op. cit.*, p. 187.

(15) Luis R. Alonso era un operador español que traballou na Celta Film, nunha parte de "Un viaje", e no filme *Maruxa*, dirixido por H. Vorins. É bastante probable que o seu documental, *Un viaje por Galicia*, subvencionado en parte polas diputacións galegas, tivera a súa orixe na rodaxe da "viaxe" de Soto, seis anos antes, do que tamén poida que aproveitara algunha toma. Para Alonso, v. F. Vizcaíno, *Diccionario del cine español. 1896-1968*, ed. Nacional, Madrid 1970 3ª ed.; para o traballo de Alonso en Galicia, v. E. García Fernández, *Historia del cine en Galicia (1986-1984)*, La voz de Galicia, La Coruña 1985, pp. 96, 105-6, e 133, n. 113.

(16) *Galicia*, 13.9.1923.

(17) *La voz de Galicia*, 20.3.1923, en L.M. Quiroga, "El cine a través de la prensa diaria coruñesa en la década 1920-1930", universidade de Santiago de Compostela 1983, p. 203 (tese de licenciatuza inédita).

2

	84'70
	5''
<u>Sía 10 - Valdivia</u>	
Por el almuerzo de los señores y el desayuno y de vino	18''
A una mujer que nos prestó los aparatos con cambios	1''
<u>Sía 11 - Valdivia</u>	
Por fondo de almuerzo y desayuno	16''
Al menos de los almuerzos	3''
<u>Combarro</u>	
A una señora que nos prestó los aparatos	5''
A las dos señoras de la casa que nos prestó sus muebles para el estudio p ^a mi premiación con el profesor Peñón	25''
Por almuerzo de los señores y desayuno	12''
Por gasolina	40''
Por garage	3
<u>Sía 12 - Santiago</u>	
A los chicos que nos llevaron los aparatos	5''
A otros que nos facilitó el trabajo	1''
Por fondo de desayuno (región él)	7''
Garage	3
Suma	233'70

Relación autógrafa de Soto, relativa ós gastos da rodaxe do filme documental, no mes de nadal de 1922 (Biblioteca do mosteiro de Poio).

A publicidade deste documental foi relativamente notable, sendo o propio Rey Soto o encargado de face-la con sesións previas parciais, como as nomeadas, e coa axuda da prensa local, á que se facía chegar notas e máis notas, lóxicamente 'interesadas'.

Un exemplo desta forma de publicidade é iste texto de *Faro de Vigo* do 21 de abril de 1923, cando estaban a rematar os traballos de filmación:

"Galicia entera tendrá que agradecer un día el que nuestros hermanos, alejados de nosotros por azares de la vida, aquellos que buscan lejos de la madre Patria el sustento de los suyos, puedan admirar dentro de brevísimo plazo sus-"casiñas" de la aldea que los vio nacer, las campiñas frondosas, las típicas romerías, las ciudades populosas de nuestra tierra, en fin, todo lo que lleva hasta el alma del ausente recuerdo de amor (...) Para esta hermosa película, hemos visto en las salas de espectáculos, en Bares y Comercios, unos artísticos carteles anunciadores, que para tal efecto pintó el laureado artista don Carlos Sobrino, hoy ausente de nosotros (...) Todas las personas que vieron estos carteles, hicieron grandes elogios de ellos recordando de este modo al artista sublime y teniendo para la empresa "Celta Film" palabras de admiración y cariño".

Segundo os rótulos, Sobrino aparecería no filme, xunto con outros artistas vigueses (pl. 122), e pintando (pl. 124, da primeira xornada).

Rey Soto non filmaba só persoaxes e paisaxes. Aproveita algun que outro "suceso" local para que poida estar na película. Por exemplo, a chegada dun presidente da Arxentina, en agosto de 1922, a cidade de Vigo (planos 99 a 103, da primeira "jornada"), ou, tamén, o enterro dun cardeal, en Santiago, en nadal do mesmo ano (pl. 17, da segunda película). Filmacións como estas achegan "A viaxe" ó campo do noticiario, e rompen, dalgunha maneira, a intención artística, xeográfica e cultural do resto das imaxes.

Durante moito tempo, as filmacións cinematográficas estiveron expostas a moitos perigos, entre eles, o da súa desaparición pura e simple. Os materiais deses anos son especialmente fráxiles, e os conservados teñen un grande risco de desapareceren, polo envellecimento dos compostos químicos dos filmes.

Un deses riscos era, e segue sendo, o dos incendios. En setembro de 1923, desaparecía polo lume o cine Pinacho, en Vigo, propiedade de Méndez Laserna. O incendio estivo a punto de facer desaparecer a película de Soto, pois

"en el mismo local tenía establecido su laboratorio la "Celta Film", a quien alcanzan pérdidas de importancia. Se han salvado, no obstante, las dos películas "Maruxa" y "Un viaje a través de Galicia y Asturias", impresionadas por la mencionada empresa y que debían ser dadas a la publicidad en breve plazo"(18).

Cumplindo a súa idea, Rey Soto levou a América a película, a finais de 1923:

"Aunque el cine es mudo, la cálida palabra de Rey Soto, en cada proyección, dará vida al paisaje, a las costumbres, al tipismo... del alma gallega y asturiana, haciendo vivir emociones profundas en los que han tenido que abandonar sus lares y casonas. El excesivo trabajo en esta original forma de hacer cine sonoro en el año 23 y 24 derrumba, otra vez, la salud de Rey Soto"(19).

(18) *El compostelano*, 18.9.1923.

(19) J.Mª Delgado, "Rey Soto. Su personalidad y su obra, art. cit., pp. 478-9.



TELÉFONO NUM. 488

CABLEGRAMS
TELEGRAMS
TELEPHONEGRAMS
CELTA

Vigo. 22 de Enero de 1923.

REPRODUCCIÓN DE ESTE DOCUMENTO

Director Gerente:

ANTONIO MÉNDEZ LASERNA

Director Artístico:

ANTONIO REY SOTO

Sr. Antonio Rey Soto.

Madrid.

Muy Sr. nuestro:

Acabamos de recibir un telefonema de Orense y de acuerdo con su indicación, mañana trataremos de filmar al Sr. Fernandez Bordas.

Visite en esa al Sr. Antonio Rey Sanchez, el del Sello "Yer" - Martinez Campos 2, al cual con esta fecha hemos escrito según copia que adjuntamos, anunciándole al mismo tiempo su visita. Vea si podemos conseguir la Información Cinematográfica de este señor o por lo menos, el letrado.

Hemos escrito ayer al Sr. Armando Pou, anunciándole también su visita y pidiéndole ponga a su disposición un operador. Conviene que V. Méndez contraten previamente en la forma más económica y conveniente, la labor del mismo.

Procure activar en cuanto le sea posible la redacción de títulos y así mismo el plan de la película.

Ninguna otra cosa por hoy.

Quedamos de V. Attos y Ss. Ss.

Celta Film.

Gerente.

Haga lo posible por no trabajar de noche. P.H.

Carta do xerente da "Celta film" a Rey Soto (Biblioteca do mosteiro de Poio).

En canto ó comentario verbal, temos que sinalar que algúns planos (como o 82, da primeira película) necesitaban do comentario, da mesma maneira que os saltos xeográficos dunha rexión a outra, e dentro de cada unha delas.

Como sinalamos, Soto aproveitaba acontecementos locais. Aproveitaba para o filme a presenza de persoas coñecidas, ás que introduce, un pouco á forza na película. Deste especial modo de traballo hai un testimonio escrito indirecto:

"Era Rey Soto... ¡Ni podía ser otro que él! (...)

-Andamos impresionando una película -empezó a decir Rey Soto- de cosas gallegas y asturianas para llevármela a América. Va a ser algo estupendo. Estoy entusiasmadísimo... Tenemos asuntos, ¿verdad, Alonso?, sorprendentes, maravillosos, que levantarán en peso, entusiasmadados, a los españoles de nuestras colonias de emigrantes... Y hasta en España van a llamar mucho la atención... Y ¡cómo iba a dejar olvidado este baluarte histórico de Portosanto, la cuna de Colón? ¡No podía ser!... Por cierto que me preocupaba lo deslucido que podría resultar este sitio tan solitario en la película. Pero vosotros me vais a prestar un flaco servicio. Seréis actores de cinematógrafo... (...)

Y a seguida actuamos de artistas de cinematógrafo, tal cual lo había dispuesto Rey Soto.

Ya el público dirá lo que salió de aquella improvisada compañía cinematográfica de Portosanto. ¡Cualquier churro! ¡Como si lo viéramos! Que Dios saque con bien a su autor o director, en ese punto de la cinta, sin que haya descargas de hortalizas sobre el lienzo. Amén" (20).

Notamos, nas xustificacións que Suárez fai dicir a Rey Soto, o seu cariño polo que está facendo, e a idea de que se trata dunha cousa apropiada máis para os emigrados asturianos e galegos en América, que para os residentes na península.

Rey Soto recolleu en intertítulo (o nº 42, da terceira película) a intervención ocasional, reseñada por Suárez, da seguinte maneira: "Pontevedra. La Moureira. El histórico crucero de Juan de Colón. Jaime Solá, el ilustre escritor y unos distinguidos viajeros, son sorprendidos "in-fraganti" por el objetivo".

Entre as cartas gardadas en Poio, hai algunhas enviadas a Madrid desde Vigo, nas que se pide a Rey Soto que faga xestións eficaces para achegar cartos por medio da publicidade de certos produtos (o selo Yer, por exemplo). Neste sentido, podemos explica-las imaxes de *Faro de Vigo* (pls. 31-2, da 2ª película), ou as da fábrica de armas de Trubia (21), ou das da fábrica de sidra "El gaitero" (pls. 31-2, e 36-9, respectivamente, da 3ª película), pois non se albisca a relación coa "arte" que poida haber nelas.

(20) C. Suárez (Españolito), *Galicia la calumniada*, Calpe, Madrid, s.a., 2ª ed., pp. 247-9. O texto de Suárez, titulado "Artistas de cinematógrafo" apareceu en *Vida gallega*, n. 217, do 12 de febreiro de 1923, tempo no que se estaba a rodar o documental. Cando a publicación do libro, A. Villaso, no xornal *Galicia*, 10.6.1923, considerou negativamente o seu contido, entre outras cousas: "Lo que no podemos tolerar es el silencio absoluto que hace de la mentalidad gallega y de los artistas gallegos (...) Habla de escultores ¡y no cita a Asorey!". Soto non caeu nese erro: na segunda película, o plano 25 recollería un traballo do artista, e o pl. 26 a imaxe dunha das "geniales esculturas de Asorey". Por outra parte, no filme tamén estaría Castelao: na 3ª película, o rótulo n. 54 di: "Pontevedra. Castelao, el genial caricaturista gallego, rie encantado de la vida". Rey Soto era amigo de Castelao, e fora quen casou ó de Rianxo, no mes de outono de 1912, na Estrada.

(21) Para a rodaxe en Trubia, Rey Soto acudiu ós bós oficios de L. Rodríguez de Viguri no ministerio da Guerra. Soto tiña autorización para "impresionar película cinematográfica de todos los trabajos de la Fábrica que (o coronel director) estime pueden darse a publicidad". No caso de *Faro de Vigo*, o xornal compensaría coa publicidade gratuita nas súas páxinas, mentras que as imaxes de Trubia estarían na película pola súa propia razón de ser.

2. MARUXA

Celta Film naceu coa finalidade de espallar imaxes cinematográficas de Galicia, en cidades e lugares alonxados da 'terra nai'.

Maruxa foi primeiro unha zarzuela, de A. Vives e L.P. Frutos. A empresa de Vigo, con Troncoso como xerente, e con un novo socio, Ernesto González (22), que interviría como co-director, intentaron levar adiante unha obra de ficción, seguindo a moda da década. Para elo, contrataron a un director francés, H. Vorins, quen faría en España outros filmes, amáis de *Maruxa* (23). O produto foi desigual, pois se para Cabero,

"resultó muy bien y hasta los autores del argumento hubieron de felicitar a los editores por el éxito"(24),

para Méndez-Leite,

"deja bastante que desear, tanto en lo técnico como en lo artístico (...) la fotografía tampoco ofrece la natural belleza de los paisajes gallegos" (25).

A relación de Soto coa película procede dunha afirmación de Leite, que dí que "fue el encargado de redactar los títulos o textos explicativos de la acción" (26). Para a exhibición en Galicia, parece que Lugrís Freire redactou uns intertítulos que "escritos en buen gallego, dan atractivo especial a esta cinta de exportación hecha para ser vista por nuestros paisanos de América" (27).

Maruxa é, con *Un viaje por Asturias y Galicia* un filme do que podemos falar só por referencias escritas. Son obras perdidas ás que, quizáis, a casualidade faga aparecer algún día, antes de que a degradación química dos seus compoñentes acabe co material que os espectadores galegos puideron ver nas proxeccións, nos anos 20.

A dificultade de atopar o filme documental completo é moi grande, pois a mesma estrutura de cada parte, unha estrutura pechada, en certa maneira, favorecería exhibicións separadas, ou aínda, combinacións diferentes entre sí.

En xaneiro de 1925, a estrea coruñesa parece que foi unicamente das imaxes relativas a Galicia, xa que no filme, segundo a prensa, se mostraban "las costumbres, los monumentos y las ciudades gallegas" (28), e non aparece en ningures mención algunha ó contido asturiano.

(22) V. F. Vizcaíno, *op. cit.*, "González Bértaldo de Quirós".

(23) V. Vorins, en *Filmlexicon degli autori e delle opere*, vol. VII, Bianco e nero, Roma 1967.

(24) J.A. Cabero, *op. cit.*, p. 216.

(25) F. Méndez-Leite, *op. cit.*, p. 207.

(26) *Id.*, p. 190.

(27) *El Orzán*, 20.1.1924, en L.M. Quiroga *cit.*, p. 204. Na publicidade gráfica do filme, en *El compostelano*, 11.1.1924, ó pé dunha fotografía dos progagonistas hai unha indicación, destacada tipográficamente, que dí: "Títulos en gallego del Sr. Lúgrís Freire "Asieumedre"". Para o xornalista coruñés que escribiu o comentario é evidente o carácter de produto para a exportación e de cultivo de saudades. A historia do filme é considerada por outro xornalista, de *La voz de Galicia*, como "falsa, noña y trivialísima", L.M. Quiroga, *id.*

(28) *El Orzán*, 21.1.1925, en L.M. Quiroga, *cit.*, p. 208.

3. CARMIÑA, FLOR DE GALICIA

Deste filme da productora Hispanica Film Ltd., de Madrid, dirixido por Rino Lupo, e rodado en Galicia e norte de Portugal (29) nos anos 1925 e 1926, García Fernández dí que ten "un guión del sacerdote orensano Antonio Rey Soto" (30).

Nas referencias periódísticas (31) e bibliográficas consultadas non atopei o nome de Soto en relación coa cinta. De tódalas maneiras, posto que existe copia da película na Filmoteca española, en Madrid, na que tampouco figura o nome de Soto, no apéndice III transcríbense, despois dos textos de "Un viaje", os intertítulos da primeira parte de *Carmiña*, por se algún estudioso da obra de Rey Soto encontra similitudes estilísticas que confirmen a autoría dos mesmos.

4. FINAL

É evidente que a mistura imaxe animada e comentario non chegaba para encher de satisfacción ós espectadores dun documental, por moi saudoso e poético que se fixera o comentario.

Máis que cuestións de tipo económico, poida que fora o desacougo dunha mentalidade disposta e afeita a mergullarse en modos dos tempos idos, o que impediría o camiñar 'cineístico' dun home como Rey Soto que tiña na bibliofilia unha das súas teimas, esa disposición non o deixaría camiñar moito ó lado dun produto tan característico da 'modernidade' naqueles anos, como era o cinema.

O seu paso polo cine non tivo continuidade, e non foi gratificante. Por vieiros distintos ós de José Gil, tampouco Rey Soto conseguiu que prendera ó gusto polo cine nos galegos con capacidade financeira para facer 'aventura cinematográfica'.

(29) "Interiores rodados em Portugal", é a indicación á breve ficha da película en J. de Matos-Cruz, *Prontuário do cinema português, 1896-1989*, Cinemateca portuguesa, Lisboa 1989, p. 42. Poida que se rodara parte da obra en interiores portugueses, pero varios planos da primeira parte foron filmados nos arredores e no castelo de Vila da Feira, unha das fortalezas máis singulares do Douro Litoral.

(30) E.C. García Fernández, *op. cit.*, p. 97 e p. 730.

(31) O silencio máis notable, de ser certa a colaboración, é o de *Vida gallega*, n. 333, 28.2.1927, cando a estrea da obra en Vigo. A reseña contén, só, o nome do distribuidor-exhibidor, a empresa Méndez Laserna. Non aparecen nin os autores, nin os actores, aínda que o papel de Carmiña era interpretado por "la señorita viguesa Maruja del Mazo (...) iniciándose en el "ecran"", *Faro de Vigo*, 13.9.1925. Se Rey Soto escribira os rótulos da obra tería que ser nomeado, pois a relación do escritor co director da revista, J. Solá era boa, polo menos anos antes, durante a rodaxe de "Un viaje": Solá é citado como elemento de referencia dun plano, o 42 da 3ª película.

Penso que a súa contribución á historia do cine en Galicia non foi pequena, polo que a súa "ocasional dedicación al cine" (32), merece un tratamento diferente.

Lamentablemente, só temos o traballo literario cinematográfico de Soto sen a súa plasmación fílmica (o guión de "El dolor del almirante"), e quedan os seus textos explicativos dunhas tomas cinematográficas perdidas, nas que él colaborara.

Poio-Santiago de Compostela, verán de 1990

(32) Julio R. Yordi, "Letras de duelo. Antonio Rey Soto", *Boletín de la Real academia gallega*, 356 (1974), p. 108. O cine sempre foi, para un home de letras á vella, algo situado no final, e -case- sen importancia: "Apenas hay género o subgénero literario que no haya atraído su atención (...) crítico de arte y libros, e incluso guionista de cine", id. id., p. 105-6.

APENDICE I (33)

En la Ciudad de Vigo a cinco de Agosto de 1922 (mil novecientos veintidos) reunidos los Sres Dn Antonio Mendez Laserna y Dn Antonio Rey Soto, ambos mayores de edad y capacitados para contratar, acuerdan constituirse en Sociedad privada para la explotación en España y America de películas cinematográficas sobre asuntos de Galicia y Asturias, precedidas de conferencias literarias ensalzando ambas regiones en sus diversos aspectos, pactan las siguientes bases:

- 1ª La empresa se denominará "*CELTA FILM*" su domicilio radicará en Vigo y a los efectos legales, -especialmente los de caracter económico financiero-, aparecerá como propietario exclusivo Dn Antonio Méndez.
- 2ª Como máximo se fija en SETENTA Y CINCO MIL PESETAS el capital necesario para la confección de las citadas películas, dietas de los socios y colaboradores, sueldo de los auxiliares, gastos de viaje, propaganda etc., etc., cantidades que hasta la citada suma el Sr Méndez irá desembolsando sin devengar intereses en cantidad de anticipo reintegrable con los primeros ingresos que produzca el negocio desde su iniciación.
- 3ª El Sr Rey Soto será Director Artístico de la empresa "*CELTA FILM*" y sus apellidos en unión de los del Sr Méndez Laserna, darán denominación a las ediciones proyectadas. Será misión de la dirección artística trazar y desarrollar el plan de las películas, redactar los subtítulos, escribir la propaganda literaria e inspirar la editorial, dar las conferencias que han de preceder a las proyecciones y cuanto se refiera a la parte intelectual de la empresa. Como socio tendrá derecho a conocer la marcha de la contabilidad, la situación administrativa de la empresa y comprobar los gastos e ingresos de la misma.
- 4ª El Sr Méndez Laserna, gerente de la Empresa, tendrá a su parte o cargo la dirección técnica y administrativa, cooperará con el Sr Rey Soto en las funciones directivas para la ejecución de las películas y organización de la tournée, siendo discrecionales sus atribuciones en el aspecto mercantil de la Sociedad.
- 5ª La excursión a America, será realizada por el Sr Rey Soto, como Director y Conferenciante; el Sr Mendez Laserna, gerente de la Empresa y administrador de la tournée y Dn Carlos Reguenga Borrajo, como Secretario de la Dirección artística y Representante autorizado de la "*CELTA FILM*".
- 6ª Los viajes se realizaran en condiciones de seguridad y confort segun mutuo acuerdo de los socios, teniendo presente la comodidad de los expedicionarios y los intereses de la empresa.
- 7ª Ante la probable imposibilidad de que el Sr Méndez Laserna, pueda trasladarse a America, queda obligado el citado Gerente a enviar un apoderado con amplias atribuciones y sujeto a sus mismas obligaciones, cuya designacion habria de recaer en persona culta y competente.
- 8ª A partir del día en que comience a filmarse la película en España, y hasta su llegada a America, los Sres Mendez Laserna y Rey Soto, retirarán CINCUENTA PESETAS cada uno, en concepto de dietas diarias para gastos de estancia y particulares e igualmente el Sr Reguenga, retirará una dieta diaria de TREINTA PESETAS. En America hasta la fecha de la última presentación, las dietas se elevarán a CIEN PESETAS para cada uno de los señores Rey Soto y Mendez Laserna y a OCHENTA PESETAS para el Sr Reguenga.
- 9ª Las utilidades liquidas seran distribuidas en la siguiente forma:
CUARENTA POR CIENTO, el Sr Rey Soto, como socio industrial.
CINCUENTA POR CIENTO, el Sr Méndez Laserna, como socio industrial y como indemnización y seguro del riesgo que corre por el anticipo del dinero necesario para esta empresa.
DIEZ POR CIENTO, el Sr Reguenga Borrajo, como colaborador y Representante de la Empresa "*CELTA FILM*"

(33) Transcripción da copia mecanografiada, conservada (como o que segue no apéndice II) na Biblioteca do mosteiro de Poio, a quen lle agradecemos-lo emprego dos textos neste traballo.

- 10ª El Sr. Mendez Laserna, procederá en primer término a destinar íntegramente los ingresos que por cualquier concepto produzca el negocio al reembolso de todos los gastos habidos hasta amortizar el Capital anticipado. Una vez cubierta la cantidad desembolsada se constituirá el fondo de la Empresa en el que se irán acumulando las recaudaciones y a cuyo cargo serán satisfechos los gastos de la explotación. Si lo permite la marcha del negocio, serán giradas a España las cantidades que a juicio de la Gerencia se presupongan como remanentes y al regresar de la tournée se procederá a justificar la determinación de los beneficios líquidos, haciéndose la distribución con arreglo a la cláusula 9ª.
- 11ª Si comenzada en América la explotación del negocio, los resultados financieros del mismo no cubriesen el anticipo del capital llegando la merma al cincuenta por ciento de la cantidad presupuestada (SETENTA Y CINCO MIL PESETAS) el Sr Méndez, se reserva el derecho de dar por terminada la tournée comprometiéndose únicamente a reintegrar a España los expedicionarios, siendo también el viaje de retorno con cargo a la cuenta de gastos generales.
- 12ª En el caso de que el Sr Rey Soto, una vez terminada la tournée por América, no le conviniera continuarla, su participación se reduciría al VEINTE POR CIENTO de las utilidades líquidas que resultaren en definitiva después de realizada totalmente aquella.
- 13ª El Sr Reguenga, habrá de someterse a las prescripciones de la dirección artística y de la gerencia, quienes siempre se pondrán de acuerdo para la mejor organización de la tournée. Si a juicio de ambas partes la actuación del Sr Reguenga no satisficiera plenamente la misión que se le encomendare, se propondrá la sanción adecuada. Caso de reincidencia, se procederá a rescindir el pacto por lo que al Sr Reguenga se refiere y podrá darse por terminada la colaboración del mismo como representante abonándole las dietas de un mes y los gastos de viaje hasta llegar a España por la vía más corta y en clase intermedia.
